

Consonte ao regulado no apartado 103.3 das Normas de Xestión Académica, os centros deberán comunicar ás unidades de xestión académica a convocatoria de premios extraordinarios antes do 15 de outubro. Na convocatoria xeral de matrícula establécese un prazo xeral do 16 ao 30 de novembro para a inscrición nos premios extraordinarios que outorga o Consello de Goberno, en aplicación do disposto no apartado 7.3.2 das Normas de Xestión Académica.


Tendo en conta que a Facultade de Dereito non publicou a convocatoria de premios extraordinarios correspondentes ao curso académico 2007/08 e só houbo unha solicitude de inscrición para concorrer aos mesmos, polo que quedaría vacante 1 dos premios que se poden outorgar, cómpre autorizar de forma extraordinaria, e a proposta do Sr. Decano deste centro, un prazo de inscrición para que os alumnos que reúnan os requisitos establecidos poidan concorrer a ese premio extraordinario.

En consecuencia, esta Reitoría **RESOLVE**:

ÚNICO.- Abrir un prazo de inscrición entre o 7 e o 15 de xaneiro de 2009, ambos inclusive, para que os alumnos que reúnan os requisitos establecidos nas Normas de Xestión Académica presenten as solicitudes para concorrer a **1 premio extraordinario**, correspondente ao curso académico 2007/08, da Licenciatura en Dereito.

O centro establecerá entre o 16 e o 31 de xaneiro de 2009 as datas concretas para xulgar aos concorrentes ao premio extraordinario.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2008



O REITOR,

Senén Barro Ameneiro
Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS - SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.

449
22-12-08

Pechado o prazo ordinario de inscrición para o premio extraordinario de Licenciatura do curso 2007/2008, neste Centro recibíuse una soa solicitude de matrícula. Como se poden conceder dous premios extraordinarios, un correspondente á convocatoria de xuño e outro á de setembro, dende este Decanato solicítase a apertura dun prazo extraordinario de inscrición, que podería ser dos días 7 a 9 de xaneiro de 2009 (ambos os dous inclusivos), para a cobertura do premio da convocatoria de setembro, que doutro xeito quedaría deserto.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2008


*Luis Míguez Macho

EXMO. SR. REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA